



OS PROCEDEMENTOS DE ESTUDO INFLÚEN NO RENDEMENTO

¿Preguntácheste algunha vez por que uns estudantes renden máis que outros? As causas ou factores que explican o rendemento escolar son moi numerosos. Algunhas non dependen dun mesmo: a actuación dos profesores (como desenvolven a clase, como avalían,...); o tipo de traballo a realizar; o tempo dispoñible, etc.

Outras causas, pola contra, teñen que ver coa forma de ser e de actuar de quen estuda:

1. **As capacidades mentais;**
2. **O interese cara ás distintas materias;**
3. **O esforzo perseverante;**
4. **Os procedementos de estudio.**

Existen moitos estudantes intelixentes e traballadores que aproban as materias, pero non obteñen un rendemento satisfactorio. Dito doutro xeito: non saben sacar todo o partido posible á súa capacidade e ao seu esforzo (cada estudante debe render de acordo coas súas posibilidades persoais). Iso obedece a que utilizan procedementos de estudio deficiente (incorren seguramente nalgúns dos malos hábitos que vimos mais atrás).

Non creas, non obstante, que aprender a estudar consiste soamente en coñecer algunhas técnicas para realizar ese traballo de forma máis eficaz (como ler mellor; como tomar apuntamentos; como facer un esquema...)

Aprender a estudar supón tamén adquirir hábitos e actitudes positivas. Estes hábitos e actitudes son os máis formativos do estudio. Aquí tes algúns exemplos:

HÁBITOS:

1. Empezar e rematar de estudar á hora prevista
2. Facer en cada momento o que corresponde, o máis necesario
3. Coidar a presentación dos traballos realizados
4. Entregar as tarefas sinaladas polo profesor antes de que finalice o prazo de tempo concibido
5. Estudar con regularidade: traballo diario da cordo cun horario



ACTITUDES:

1. Estudiar para conseguir metas concretas que previamente te fixaches
2. Tomar decisións persoais ao longo da realización do traballo
3. Desenvolver a curiosidade intelectual, o afán de saber
4. Estudar con sentido crítico (xulgando o que les ou escoitas e tratando de chegar a ideas ou conclusións persoais)
5. Axudar aos demais; saber traballar en equipo
6. Estudar da cordo cun estilo persoal

O estilo persoal de estudar é moi importante. Non se trata de estudar como os demais, senón de acordo coa túa forma de ser (habilidades, preferencias, etc.). É bo, por iso, que teñas procedementos de estudio propios e que desenvolvas cada vez máis ese estilo persoal.

¿Cres que aprender a estudar fai mais difícil ter un estilo propio de estudio?

Non necesariamente. Pode acontecer se copias ao pé da letra os procedementos que che chegan de fóra a través da influencia do profesor, dalgún compañeiro ou dun libro sobre métodos de estudio. **Non acontecerá se vas seleccionando o anterior da cordo co teu criterio e experiencia persoal. Outro camiño é explicar ao profesor como estudas habitualmente co fin de que o axúdeche a mellorar eses mesmos procedementos.**